

JSON da Rede de detección de raios

O documento que se presenta a continuación contén a descrición dos datos presentados polo arquivo en formato JSON para a rede de detección de raios con url <http://servizos.meteogalicia.es/rss/observacion/franxasHorariasRaios.action>. Este JSON permite coñecer ademais do número total de raios detectados e o número de raios detectados en Galicia, o nº total de raios divididos en franxas horarias de 2 horas UTC e distinguindo entre o número de raios positivos e negativos. Esta información móstrase por defecto para o día de hoxe ou ben, co parámetro adecuado, consultar un día pasado.

Para ver máis información sobre a Rede de detección de raios consulte a páxina web:
http://www.meteogalicia.es/observacion/raios/raios.action?request_locale=gl

1 Introducción formato JSON

O formato JSON ¹(JavaScript Object Notation - Notación de Objetos de JavaScript) é un formato lixeiro de intercambio de datos.

JSON está constituído por dúas estruturas:

- Unha colección de pares nome/valor.
- Unha lista ordenada de valores.

2 Estruturas do arquivo JSON

Este arquivo está formado pola seguinte colección de pares nome/valor:

raiosTotal: Número total de raios detectados.

raiosGalicia: Número de raios detectados sobre Galicia (en terra).

intervaloValido: lista de valores ordenada que corresponde con franxas horarias de 2 horas ordenadas desde as 00:00h ata as 23:00h (hora UTC). É dicir, o primeiro número corresponde co intervalo horario 00:00h-00:02h, o seguinte co intervalo 00:02-00:04h, etc. Este número será un 1 ou un 0 en función de si o intervalo horario se pode dar por válido (1) ou non se pode dar por válido (caso de que a rede de detección de raios non funciona correctamente, valor 0).

arrayRaiosHistoricoPos: lista de valores ordenada que corresponde con franxas horarias de 2 horas ordenadas desde as 00:00h ata as 23:00h (hora UTC). É dicir, o primeiro número corresponde co intervalo horario 00:00h-00:02h, o seguinte co intervalo 00:02-00:04h, etc. O valor de cada intervalo será o número de raios positivos detectados nesa franxa horaria.

arrayRaiosHistoricoNeg: lista de valores ordenada que corresponde con franxas horarias de 2 horas ordenadas desde as 00:00h ata as 23:00h (hora UTC). É dicir, o primeiro número corresponde co intervalo horario 00:00h-00:02h, o seguinte co intervalo 00:02-00:04h, etc. O valor de cada intervalo será o número de raios positivos detectados nesa franxa horaria.

¹ Para máis información sobre o formato JSON consulte: <http://www.json.org/json-es.html>



3 Parámetros de consulta

Por defecto (sen parámetros) este servizo devolve a información para o día actual. Para consultar a información para un día anterior ó de hoxe debe pasar na propia url un parámetro denominado “data”.

Este parámetro ten que levar a data que desexe consultar no formato “dd/mm/aaaa”. Por exemplo, si quere consultar a información de raios para o día 27 de Outubro do 2015. A url de consulta será:

<http://servizos.meteogalicia.es/rss/observacion/franxasHorariasRaios.action?data=27/10/2015>